
Video dixital en SwL: OpenShot

TEMA-04

Traballar con OpenShot II



Índice


Tema 4. Traballa con OpenShot II.....	2
1. Comezamos a traballar.....	2
1.1. Cortar u fragmento.....	3
1.2. Modificar o tamaño.....	3
1.3. Separar o audio do vídeo.....	4
1.4. Engadir transicións.....	5
1.4.1. Agregar efectos.....	7
1.5. Inserir efectos.....	8
1.6. Axustar as propiedades.....	9
1.7. Exportar o vídeo.....	9
1.8. Lembra!.....	10

Tema 4. Traballa con OpenShot II

1. Comezamos a traballar

No tema 3 vimos cales son os procesos más habituais á hora de editar vídeos en OpenShot.

Lembra de novo cales eran!




1.1. Cortar un fragmento


A ferramenta de corte é necesaria cando queremos **cortar fragmentos dun clip para ter varios clips diferentes** ou simplemente para **eliminar** algún deles.

O proceso é moi sinxelo:

1. Seleccionamos a ferramenta nos botóns de edición.
2. Situámonos sobre o punto onde queremos introducir un corte e prememos:



Esta acción separará o fragmento do resto do clip. Agora poderemos **movelo, cambialo de pista ou superpoñelo**.



1.2. Modificar o tamaño

Coa ferramenta de tamaño cambiar tamaño fragmento, Openshot permítenos **agrandar ou diminuir o tamaño dos clips na liña de tempo**, axustando o comezo e o remate do noso vídeo.


En realidade, non estamos modificando o tamaño do vídeo. Por iso, podemos axustar o comezo e o final do clip sen medo a perder información, xa que é posible **recuperar o tamaño inicial**

alongándoo de novo.

- 1. Para modificar o tamaño do clip,** prememos no símbolo representado por unha dobre frecha.
- 2. Sobre o fragmento que queremos modificar,** simplemente arrastramos o bordo coa frecha ata a posición que queremos:



Se movemos o lado dereito, axustamos o punto final do clip e, se movemos o lado esquierdo, definimos cando inicia a súa reprodución.



1.3. Separar o audio do vídeo

Cada clip ofrece a posibilidade de apagar o son ou o vídeo de xeito independente. Así, a partir dun só clip de vídeo, podemos obter o seu clip de son ou o seu clip de vídeo, sen o son.

Cando inserimos un fragmento de vídeo, podemos enmudecer o seu audio para que se escoste o son doutra pista ou para que o vídeo non teña son.

1. Para apagar o audio dun clip, só temos que premer na icona do altofalante situada no propio clip. O símbolo de prohibido indica que non se vai escutar.



2. Para silenciar unha pista enteira, teremos que facer clic no altofalante situado ao comezo da pista.




3. Para ocultar o vídeo dun fragmento e utilizar só o son, prememos no ollo situado no clip. Do mesmo xeito, tamén podemos ocultar o vídeo dunha pista enteira.




1.4. Engadir transicións

Para pasar dun clip a outro, podemos aplicar unha transición. **As transicións utilízanse para pasar gradualmente cun efecto de varrido, de esvaecemento...** Hai moitas transicións dispoñibles:



1. En primeiro lugar, teremos que **colocar os fragmentos de vídeo en pistas diferentes** pois as transicións aplícanse entre clips situados en distintas pistas.
2. Para inserir a transición que escollemos, prememos nela e **arrastrámola sen soltar ata** colocala na posición que queremos que ocupe.

Os fragmentos de vídeo deben **compartir unha parte da liña de tempo**. No fragmento de tempo en que estean ambas á vez, a transición ocultará unha e mostrará a outra.



3. Para **movela** de lugar, cómpre activar o modo *Frecha* na *Barra de ferramentas* e **arrastrar a transición** para unha nova posición.
4. Tamén podemos **modificar o tamaño** dunha transición. Para **redimensionala**, activamos *Modificar o tamaño na barra de ferramentas* e arrastramos o extremo esquierdo ou o derecho.

Como podes ver, na transición que colocamos aparece unha frecha cara abaixo. Debido a que as transicións se mesturan entre dúas pistas, é preciso marcar en que dirección se vai facer a mestura. A frecha que sinala abaixo indica que a transición comenzará no vídeo 1 da Pista 3 e seguirá co 2 da Pista 2.


Para cambiar a dirección dunha transición, facemos clic no botón dereito do rato sobre unha transición e eliximos Cambiar dirección.

Para eliminar unha transición, facemos clic dereito nunha transición e prememos en **Eliminar**.

1.4.1. Agregar efectos

Os efectos permítennos manipular de xeito sinxelo o vídeo ou o audio dun clip. Con eles, podemos agregar efectos ao noso vídeo, como poden ser: axustar o ton dunha cor, distorsionar, simular unha película antiga ou de debuxos animados, eliminar a cor azul, verde ou vermella, facer ondas, desenfocar...


OpenShot dispón de máis de 40 efectos:



1.5. Inserir efectos

Con OpenShot podemos **colocar títulos en calquera lugar** do noso vídeo: no inicio, na metade, ou ao finalizar o vídeo.

1. Para facer uso desta función, imos ao menú Proxecto > Novo título.
2. Deseguido, aparecen varios modelos de títulos que ten OpenShot Vídeo Editor; elixiremos un deses modelos.
3. Editamos os textos do título; tamén podemos cambiar o tamaño da letra, a cor, o tipo de fonte...




Este texto gardarase no formato de imaxe svg e aparecerá automaticamente na Biblioteca. Só nos queda arrastralo para o lugar onde queiramos poñelo.

1.6. Axustar as propiedades

Cada clip en OpenShot ten moitas propiedades que poden ser manipuladas.

Se prememos sobre un clip co botón dereito do rato, aparece un menú. Unha das opcións que ofrece é **Propiedades**.

Aquí poderemos axustar varias propiedades do clip nas pestanas Duración, Velocidade, Disposición, Son, Vídeo, Efectos.



1.7. Exportar o vídeo

Se queremos gardar o arquivo con toda a información do noso proxecto (ficheiros que o compoñen, modificacións...) para continuar máis tarde a edición, Openshot utiliza a extensión ops.

Non obstante, se xa rematamos a edición do noso traballo, podemos exportalo ao formato que máis se axuste ás nosas necesidades.

Hai dous modos de exportar un vídeo en OpenShot, Simple e Avanzado. Imos referirnos só ao modo simple; podes utilizar as opcións avanzadas se coñeces o uso e a configuración do programa

de codificación FFmpeg.

Ao premer en Exportar aparecerá unha ventá con varias opcións. OpenShot ten moitos formatos predefinidos de exportación que cobren os supostos máis comúns.

Para exportar, primeiro deberás seleccionar un tipo de proxecto en Perfil, podes escoller entre Blu-Ray/AVCHD, DVD, Dispositivo, Web, Todos os formatos. En función disto, poderás marcar Destino, Perfil de vídeo e Calidade.

Se seleccionas Todos os formatos, disporás en Destino de todos os formatos comúns.

1.8. Lembra!

OpenShot necesita un ficheiro de proxecto para gardar a información que compón un proxecto de vídeo. Información como pode ser o nome e a ubicación do proxecto, ficheiros de vídeo e audio, información sobre a liña de tempo, que clips modificamos, etc.

Cando executamos OpenShot, o propio programa crea un novo proxecto automaticamente.

Podemos comenzar a usalo inmediatamente sen necesidade de crear un novo proxecto.

Os ficheiros do proxecto teñen unha extensión de ficheiro .OSP (proxecto1_exemplo.ops).

Ademais, os ficheiros do proxecto necesitan unha carpeta de miniaturas (thumbnail), que conterá todas as miniaturas do seu proxecto. É importante ter en conta que se movemos un ficheiro do proxecto, debemos mover tamén a carpeta de thumbnail.

